

Xogos Florais de 1946: XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, entre a tradición e a modernidade

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
Notas sobre a poesía de Xosé María Díaz Castro
Abstract
Some aspects and literary influences in the poetry of Xosé María Díaz Castro.

Dedicamos as seguintes reflexións sobre a participación de Xosé María Díaz Castro nos Xogos Florais convocados coincidindo coas festas patronais de San Roque en Betanzos no ano 1946 ao profesor Armando Requeixo quen estudou con rigor e profundamente a obra poética do autor.

O Concello directivo encargado da organización do certame ocupouse de redactar o temario e designar os membros dos diversos xurados. Eran doce os temas e, ademais dos propiamente literarios, estaban outros de carácter histórico, económico, fotográfico, musical, urbanístico e de pintura.

O profesor Requeixo estudou a obra escrita polo poeta antes da guerra, partindo dos traballos de Xosé María Dobarro, «Díaz Castro, Xosé María» (1977)¹ e Alfonso Blanco Torrado *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro* (1995)². O profesor Dobarro, informado directamente polo autor, di que escribiu os primeiros versos na etapa escolar, aos 12 anos, e que o primeiro poema publicouno aos 16 anos na revista tarraconense *Lluvia de rosas* na que colaboraba. O profesor Requeixo fala do primeiro soneto, escrito aos 14 anos inspirado no mar de Sada, e localiza «Toma mi corazón», dedicado a «Santa Teresita del Niño Jesús», como o primeiro poema publicado, en maio de 1931 con 17 anos acabados de cumprir, na citada revista tarraconense.

Na documentación que se conserva dos Xogos Florais celebrados en Betanzos no ano 1946 existe unha carta do autor dirixida ao alcalde da cidade Tomás Dapena Espinosa onde lle envía os datos biográficos que este lle requirira para a edición dun libro conmemorativo do certame. O importante é que Díaz Castro cita «Fulgores de luna» como o seu primeiro poema publicado cando contaba 16 anos. Pode ser este o poema ao que fai referencia o

* **Concepción Delgado Corral**, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

¹Xosé María Dobarro Paz, «Díaz Castro, Xosé María», *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. IX, Xixón, Silverio Cañada Editor, 1977, pp. 75-76.

² Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, Fundación Caixa Galicia/El Progreso, 1995.

poeta de Guitiriz en declaración ao profesor Dobarro. O profesor Requeixo comenta os poemas da década dos trinta e o que el afirma ser o primeiro publicado, e nunha nota onde agradece a Alfonso Blanco Torrado e Félix Villares Moureira os números das publicacións nas que apareceran, exemplares moitas veces únicos, di «de varias cabeceiras citadas no presente traballo ou non se conservan números ou os existentes son absolutamente exiguos»³. Só faltando algún número anterior descoñecido polos estudosos onde estivese, se explicaría a afirmación do poeta e se mantería «Fulgores de luna» como o primeiro poema publicado. No caso contrario, aínda poderíamos pensar que o poema apareceu noutra publicación.

Reproducimos a continuación a carta do autor e os datos biográficos:

José M^a Díaz Castro
 PROFESOR DE ENSEÑANZA MEDIA
 VILLAGARCIA DE AROSA
 Los Villares de Parga (Lugo), 18 sep. 1946
 Sr. D. Tomás Dapena Espinosa
 BETANZOS

Mi distinguido Señor y querido amigo: Convenida por la Comisión Organizadora de los últimos Juegos Florales la edición de un libro conmemorativo de esa fiesta, según me había V. manifestado y luego, con más detalle, el Sr. Vales Villamarín en conversación particular, se me había solicitado la redacción y el envío de mis datos biográficos acompañados de una fotografía. El hecho de no tener ésta a mi disposición, me retrasó más de lo que yo creía y deseaba, y por eso he de pedirle mil perdones.

Ahora que tengo la foto, le adjunto ambas cosas y tengo el honor de dirigiérselas a V. en calidad de Presidente de la Comisión, suponiendo, por otra parte, que el Sr. Vales Villamarín no se halle actualmente en Betanzos, y le ruego haga llegar estos datos a quien corresponda para su incorporación al libro de referencia.

Si acaso para esta reseña biográfica fuera preciso algún dato complementario, o se necesitara otra foto por ejemplo, le agradecería mucho me lo hiciera saber, escribiéndome a la dirección abajo expresada.

Esta breve reseña biográfica está trazada de una forma rápida y escueta, y no pretendo precisamente que se inserte en el Libro el texto original que le remito, sino que pueden darle la redacción definitiva que convenga.

Muy agradecido, aprovecho nuevamente esta ocasión para saludarle respetuosamente y rogarle mande incondicionalmente a su amigo y s. s.

S/C: Los Villares de Parga (Lugo)
 (Después del próximo día 30: Plaza de España, 4, Villagarcía de Arosa)

³ Armando Requeixo, «Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra», *Madrigal*, 2001, pp. 100-101.

JOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

Nació en Los Villares, Guitiriz, (Lugo).

Ingresó muy joven en el Seminario Conciliar de Mondoñedo.

Hizo el Bachillerato universitario en Santiago de Compostela.

Estudió Filosofía y Teología con la calificación más alta en todas las materias de todos los cursos. Obtuvo por oposición Matrícula de Honor (Primer Premio y Diploma) en Latín y Literatura (III año).

En posesión de varias Lenguas vivas, se dedicó a la Enseñanza Media. Actualmente es profesor de Idiomas Modernos y Literatura en Villagarcía de Arosa (...Colegio León III...).

Desde su infancia mostró aficiones y aptitudes para las Letras y los estudios lingüísticos. Su primer poema (FULGORES DE LUNA) lo publicó cuando contaba dieciséis años. Desde entonces viene colaborando en numerosas publicaciones nacionales (diarios y revistas de índole diversa), en que alterna la labor poética con los artículos de crítica literaria y los trabajos meramente periodísticos.

La labor poética, inédita en gran parte, comprende poemas en castellano, gallego y francés. Tiene en preparación la próxima publicación de un libro, que será, no una selección de versos antiguos, sino un poema redactado aparte, de una rigurosa unidad intrínseca.

Es la primera vez que concurre a Juegos Florales. Conoce y ama a Betanzos, donde ha estado con frecuencia. Considera como una gloria excesiva el haberla podido requebrar con sus versos. Pura y obstinada como la memoria de un primer amor, «su imagen fugitiva está en mí para siempre».



Xosé María Díaz Castro.

Na decisión de escribir en galego, en declaración ao profesor Dobarro, tivo moito que ver Aquilino Iglesia Alvariño, quen tamén o animou a participar nos Xogos Florais de Betanzos, celebrados o 19 de agosto e tendo como mantedor ao Marqués de Lozoya.

O primeiro e o terceiro temas eran de poesía: o I «Canto a Betanzos», para poesía escrita en castelán, con liberdade de metro, Flor Natural, dotado con mil pesetas. O III, «Elogio de la mujer betancera: tríptico de sonetos en lengua gallega, dotado con cincuenta pesetas. O xurado, composto por Eladio Rodríguez González, Sebastián Martínez Risco e Julio Rodríguez Yordi, tomou, por unanimidade, o acordo de conceder os dous a Díaz Castro quen asistiu á celebración o 19 de agosto e tivo un lugar destacado na entrega de premios no cine Capitol, recollendo de mans da raíña, Agueda González García, o diploma obtido, para ler a continuación *El Cántico de la ciudad*⁴. As dúas composicións,

⁴Informacións obtidas no xornal *La Voz de Galicia*, 20 de agosto de 1946.



JUEGOS FLORALES

ORGANIZADOS POR EL

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

CON MOTIVO DE LAS

FIESTAS PATRONALES

QUE SE CELEBRARÁN EN DICHA CIUDAD

EN EL MES DE AGOSTO DE 1946.



Nascida dun sono, presentada co lema «Fora cativo o bronce», e *El cántico de la ciudad*, co lema «Incessu patuit dea», publicáronse como obras individuais no mesmo ano na Editorial Celta, en Vilagarcía de Arousa.

Os poemas gañadores e outros publicados na década dos 40 do século XX non son os primeiros como xa vimos e declara o autor. O profesor Requeixo fai un repaso da obra poética producida nos primeiros anos trinta até o estourido da Guerra Civil. O mérito destas composicións en relación coa obra poética total é que son a obra dun autor que se presenta por primeira vez a un certame de poesía e que gaña, o que o fai máis coñecido. Supón a presentación pública dun poeta de formación clásica e dono xa, verémolo a continuación, dun proceso creativo, como ben afirmaba Risco, esencialmente moderno.

El Cántico de la ciudad é un canto a Betanzos composto por estrofas de catro

versos, os tres primeiros de 14 e o cuarto de 11 sílabas, e estruturado en tres partes.

A primeira parte consta de 18 estrofas e xa sorprende o feito de que o poeta non se limita a enumerar as cousas belas da cidade á maneira tradicional. O *eu* poético, contemplando o río Mandeo, entre a vixilia e o soño, sitúase na noite e cede a voz ao vento que canta as belezas desta terra onde o creador colocou unha presa de terra do Edén para continuar nela o paraíso. Retrocede no tempo ata o pasado celta, continuando pola Idade Media co poder dos Andrade. Con continuas referencias históricas e bíblicas deseña unha cidade síntese de paganismo e cristianismo, fragua de cabaleiros e gremios e, xunto a Compostela, símbolo do triunfo do catolicismo. Diríxese á cidade, dual pola forza no peito e o cristal na alma, cun *ubi sunt*, lamentando a sorte das doncelas, lebreis e palabras de Andrade o Boo. Faise un recorrido polo centro histórico, rúas, soportais e edificios da cidade onde, para a súa edificación, destacaron tamén as persoas humildes e anónimas. Párase sobre todo nas igrexas, misturando relixión e ascetismo: convento de San Francisco, panteón de fidalgos e lugar de oración, Santiago, arte na pedra e a forza dos cascos do corcel, Santa María, que brilla máis que o azougue e soño de mareantes da Fe. Moitas das imaxes utilizadas para describir a cidade proceden do mundo cristián: «bautismo», «pétreo catecismo», «verdadeiro lugar de paz» e correspóndense cun poeta de temática relixiosa. Para describir a cidade utiliza imaxes de grandiosidade: a diadema que Constantino deu a Galicia; da mitoloxía: «ninfa», do mundo natural: «colmena» ou personificándoa: «niña». As dúas últimas estrofas son unha lamentación pola posíbel perda deste novo paraíso.

A segunda parte, formada por 9 estrofas, comeza coa voz do *eu* poético quen a introduce como na primeira parte para seguidamente dar a impresión de pasar a palabra ao vento que lle fala no soño. Este elemento da natureza personificado pode ser o que afirme que os medos pola perda deste paraíso son unha mentira do soño e da sombra porque, aínda que

non foi posíbel deter aquela primavera dos pobos celtas, non hai ocaso, a cidade está viva e o val divino late nos cereais, nas fontes, nas prazas, nas vides, no home pescador de milagre como o de Genezareth, e nas mulleres, comparadas con froitas.

A terceira parte consta dunha estrofa. É como o epílogo e fainos lembrar a composición de Bouza Brey, «Tríadas no mar e na noite». Tamén aquí, como nos versos do anterior, cala o vento ao final e o *eu* retoma a palabra. Comunicanos que o vento calou e o paso dunha moza cantando, imaxe que fica nel para sempre e na que a moza e o canto son a cidade mesma.


Neste poema combínase un tema que será recorrente na obra poética de Díaz Castro, o *locus amoenus*, con o *ubi sunt*, temas que responden a unha poética esencialmente clásica. Clásica é tamén a forma das estrofas de catro versos e a medida regular dos mesmos, onde destacan as influencias modernistas. Mais, como

afirma Risco, esta poesía, aparentemente clásica, é esencialmente moderna. Hai unha ambigüidade que non nos permite afirmar con seguridade de quen e a voz que fala da cidade e á cidade. Pode ser o vento quen asume a voz do *eu* absorto na contemplación da cidade e vivindo a beleza no seu interior, ou Deus, o creador deste paraíso. O certo é que o *eu*, nunha noite de abril cun ceo cheo de estrelas que irradian luz, oscila entre a vixilia e o soño; ao final cala o vento e esperta o *eu* quen xa ten construído o seu canto no que intervén tamén esa moza que pasa cantando polo camiño.

O poema afirma as raíces galegas do poeta, o amor a Galicia, neste caso non é a súa terra natal pero si un espazo onde poder vivir como no paraíso. A presentación do *eu* como emisor e creador do canto a Betanzos dá paso a unha autoría compartida nun proceso de creación complicado onde interveñen o *eu*, o vento, Deus e a moza. Todo semella xestarse no mundo surreal, entre a vixilia e o soño.

O tríptico de sonetos en lingua galega «á gloria da muller betanceira» titulouno o autor *Nascida dun sono*. O primeiro soneto consta de versos hendecasilabos e rima consonante (ABBA; ABBA; CDE, CDE), formas clásicas na medida e na rima, que se repiten, variando a rima dos tercetos, igual nos seguintes, pero con imaxes novas na comparación dos pasos da muller betanceira cos versos iambos e cun innovador procedemento poético onde o *eu* pide á moza que entre no poema e que se faga poema brincando polas rimas. Preténdese que o poema se constrúa por si mesmo sendo o papel do poeta só o de botalo ao vento para que suba até as alturas perfumando o mundo.

O segundo soneto (ABBA; ABBA; CCD; EED) consiste na narración do encontro do poeta e a muller, e a descrición dela centrada nos ollos, no falar e no andar. No terceto final diríxese aos homes das Mariñas para lembrarlles o fermoso regalo que Deus lles deu nesta muller



No primeiro cuarteto do terceiro soneto aparece o lema co que se presentou o tríptico «Fora cativo o bronce». Estrutúrase (ABBA; ABBA; CCD; CCD) como un diálogo coa muller á que eloxia con diversas imaxes nos dous cuartetos, esa muller á que mandara entrar no primeiro soneto para facerse poema; pídlle agora que saia á vida, que se desprenda dos versos, ela, a betanceira «nascida dun sono». Está presente no proceso de creación o mundo do sono que, para o autor, é tan real como o real, concepción surrealista. Pero máis que «nascida dun sono», o que o poeta pretende é que se cre no poema ela mesma, sen comparación con ningunha outra que exista, á maneira en que Deus fixo a primeira estrela. As imaxes para describir a muller son tradicionais pero hai un complicado procedemento poético que oscila entre o surrealismo, considerando que a verdadeira realidade está no mundo do sono que orixina unha escrita automática, e unha técnica creacionista semellante á de Huidobro, tentando crear unha realidade nova; ambas as dúas técnicas conviven coa idea da palabra poética creadora de realidade.

En *Nascida dun sono* o poeta dá entrada, mediante unha autoría ambigua, ao imprevisto, que era unha característica das vangardas; tamén a unha case forma de escritura automática, onde o *eu*, manifestándose pasivo e no mundo do sono, presenta o resultado final da composición como un proceso fácil. Para o poeta soñar é un modo de crear e quizais coñecer, a actividade principal do proceso creativo, aínda que o inconsciente non se manifeste aquí espontaneamente con imaxes surrealistas.

Nas dúas composicións gañadoras do certame o clasicismo que o poeta aprendeu no contacto cos clásicos latinos e gregos no seminario de Mondoñedo convive co gusto modernista na utilización de versos de catorce sílabas e co desexo de experimentar cos movementos poéticos vangardistas.

Nas dúas composicións, que reproducimos aquí, xunto a un dominio do verso, interese polo léxico e pola adxectivación provocadora de diferentes sensacións, o sono xoga un papel importante intervindo no acto creativo como un instrumento de creación privilexiado que nace dun estado de inconsciencia.

El cántico de la ciudad

Yo miraba el Mandeo, y oí cantar el viento
como el latido apenas de un fino pensamiento.
La noche, desbordada de estrellas, parecía
Transfigurar la paz de la ciudad.

Y el viento murmuraba: el Creador no quiso
perder enteramente la obra del paraíso,
y arrojó en esta tierra un puñado de tierra
del Edén, monumento de su amor.

Yo te traigo el primer temblor de los cerezos,
la confidencia ardiente de los primeros brezos,
el júbilo infantil del Mandeo que llegaba
encabritado en el amanecer.

Te traigo el desperezo del laurel de aquel día.
Una luna recién acuñada encendía
los juncos primordiales... ¡Que cuna para un pueblo,
ho Dios, la cuna que arrullara yo!

¡No poder detener aquella primavera
en que entre los oréganos tembló la cabellera
de los celtas, pupilas de un cielo de verano,
brazos de roble y delicada voz!

En mis entrañas oigo levantarse los castros
para que así estuvieras más cerca de los astros,
Brigantía niña, síntesis de la fuerza y la gracia,
ninfa empinada para ver el mar.

Reina de las Mariñas que acarició el destino,
la diadema que dio a Galicia Constantino,
las cruces que el Apóstol hincaba ardientemente
entre guindos paganos... ¿eres tú?

¿Eres tú la colmena gremial de los Oficios
erguida a martillazos de oscuros sacrificios,
la corte áspera y pura, fragua de caballeros,
pechos de bronce y almas de cristal?

¿Dónde están tus doncellas, hermosas de martirios,
que al alfanje, no al beso, ofrecieron sus lirios?
¿Dónde están los lebreles cansados, las palabras
olientes a perdón, de Andrade «O Bo»?

Ciudad mía, asentada con ansias infinitas
sobre cuerpos sin nombre y virtudes no escritas,
si puede un rumor de alas deletrear tu nombre,
yo te saludo con mi antigua voz!

Yo os acaricio, rúas más viejas que el bautismo,
domésticos renglones de un pétreo catecismo,
caminos de silencio para el pie endurecido
del que busca la orilla de la paz.

Iglesias de Betanzos, erguidas como escalas,
maternales gallinas evangélicas, galas
del solar, protectoras de sueños y de nidos
y de fuentes cansadas de llorar.

Convento franciscano, donde duermen su fría
esperanza los manes de la insigne hidalguía
mariñana, jardín de muertos, donde fluye
muy solo el surtidor de la oración.

Santiago, la hilvanada por los sastres en vela,
cuyas manos cortaban ojivas en la tela,
¡qué trueno de esperanzas rueda bajo los cascos
del corcel de Santiago que eres tú!

Y tú, sólido sueño de aquellos mareantes
que han anclado sus vidas en los nortes radiantes
de la Fé, Virgen mía del Azogue, que brillas
más que el azogue derramado al sol.

Fábricas comenzadas del templo de la lluvia,
claustros por donde yerra la cabellera rubia
o el buen zueco sonoro: soportales inmóviles,
¡qué antiguos sois bajo esta luz lunar!

¡Ay Brigantia en la noche, qué alto mástil desnudo!
¡Ay pobre mano muerta que cinceló tu escudo!
¡Ay vides que coronan tus sienas sin corona!
¡Qué áspero vino exprimen para ti!

¡Oh Dios, ¿Ha de perderse de nuevo el paraíso?
Pasa el río sin voz debajo del aliso!
¡Qué larguísimo olvido parece el puente Viejo!
¡Qué líquen triste rampa en tu blasón!

De pronto me dormí bajo el cielo abrilero.
Pero el viento, implacable, susurraba en mi sueño:
-¡Espléndida mentira del sueño y de la sombra!
Yo siento estremecerse la ciudad

dentro del terciopelo de la noche. ¡Qué viva,
qué presente te siento, beldad definitiva!
Resbala por la ría un oscuro perfume:
Tu alma se pone lentamente en pie.

¿Por qué el ocaso? ¡Oh no! He aquí el valle divino:
el cerezo que asoma su rubor cristalino,
el mar de las promesas de trigos y maizales
o las bodas de nieve del peral.

¡Qué júbilo invencible en tus cauces serenos,
en tus molinos que hablan con los carrillos llenos,
en tus sierras que muerden al madero vencido!
¡Qué júbilo en la orquesta del taller!

¡Otra vez tú, Betanzos, desbordada en tus fuentes
rumorosas de frescas risas adolescentes,
y en tus plazas, sonoras bandejas de muchachas
y de rosas abiertas sin cesar!

Y en el hombre que arría las velas temblorosas
y sonrío a sus peces, criaturas hermosas,
y es ancha su sonrisa porque pesa en su barca
aquel milagro de Genezareth!

¡Qué hermosa te desnudas en las voces del mozo
que estremece las viñas con sus cantos de gozo,
y a la noche se sienta a la puerta, rendido
como un dios fatigado de crear!

Y en tus mujeres, carne de cerezas nacientes,
brazos ensangrentados de racimos ardientes,
pupilas, miniaturras de la aurora en la ría,
rizos, que vi en mazorcas de maíz.

Así vuelvo a encontrarte, ciudad inesperada:
la punta de tu clámide apenas insinuada
en la indecisa púrpura del mar, tu voz alegre
en las campanas del amanecer.

Se hundió el viento en el puro silencio matutino,
y pasó una muchacha cantando en el camino.
Su imagen fugitiva está en mi para siempre:
muchacha y cántico era la ciudad.

Nascida dunsono
(Triptico á gloria da betanceira)

I

Ven aos meus versos como vas á feira
cantando e rindo ao vento das Mariñas.
Ven, puño de cereixas cristaíñas!
Entra no meu soneto, betanceira!

Como esborrexen pola carballeira
as anduriñas tras das anduriñas,
brinca, anduriña, polas rimas miñas,
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e compreto
cos iambos dos teus pasos donaireiros,
co lume dos teus ollos tan profundo,

eu ceibarei ao vento o meu soneto,
pra que o teu nome suba antre os loureiros
hastra as estrelas, perfumando o mundo!

II

Pisei a sombra viva dos guindeiros
e pidinlle auga fresca. Pro a garrida
doume unha auga tola i acendida,
i empezou a falar... Ai betanceiros,

que ollos aqueles, soles verdadeiros,
dúas espranzas pra unha sola vida!
Que ofrenda a porzolana repolida
dasmans, feitas para tronos ou mosteiros!

I aquel falar ardente cal non fora
un despertar de melros sob a aurora,
i aquel fuxir xogando de anduriña!

Cantade ao sol i ao mar, porque podedes,
vós que arades i os que tendes redes.
Que aguinaldo dou Dios aos da Mariña!

III

Variña de avelairo, pra ti fora
cativo o bronce, i a palabra, escura.
Noiva a tecer dasmascos de ternura,
nai, santa nai que canta cando chora.

Náceche o sol nos ollos a cadora,
Enterrouse en ti o sol hastra a centura!
Boca para un anxo, ai Deus, guinda madura!
Ai Deus, surrisa aberta como a aurora!

Sal do poema xa, céibate á ría
da Vida, corpo enteiro da alegría,
pés voandeiros, corazón sin lixo!

Así, sin versos, para que eu te queira,
ti, nascida dun sono, betanceira,
como a permeira estrela que Dios fixo!